



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### SADA

##### Secretaría

*Convocatoria de axudas a escolarización para o curso 2023-2024. Concello de Sada*

#### 1.- DISPOSICIÓNS XERAIS

Estas normas teñen por obxecto establecer os criterios e procedementos de concesión de axudas para a afrontar os gastos orixinados polo comezo do curso escolar, constituíndo unha acción de fomento. A concesión das subvencións previstas nas presentes bases tramitárase en réxime de concorrencia competitiva.

#### 2.- OBXECTO, FINALIDADE, FINANCIAMENTO E CONTÍA DAS SUBVENCIÓNS

A presente convocatoria ten por obxecto a concesión de axudas económicas ás familias para atender aos gastos orixinados polo comezo do curso escolar do alumnado, entendendo por tales a adquisición de libros, material didáctico complementario, vestiario e outros gastos directamente relacionados.

Para o financiamento deste programa de axudas existe crédito por importe de 12.000 euros na partida 326.48013 do Orzamento Xeral do Concello para 2023.

As axudas distribuiranse na forma seguinte:

- Para estudos de educación infantil de calquera ciclo, un máximo de 40 euros cada unha.
- Para os estudos de Educación primaria: 50 euros cada unha
- Para os estudos de FP Básico: 55 euros cada unha
- Para os estudos de Educación secundaria: 65 euros cada unha (ESO e ESA)
- Para aquelas familias que acrediten estar percibindo a RISGA ou PNC a axuda incrementárase, na categoría que corresponda, en 30 euros cada unha, sempre e cando cumpran os demais requisitos da presente convocatoria.
- No caso de unidades familiares que teñan aberto expediente no Departamento municipal de Servizos Sociais e que non reúnan os requisitos para solicitar as axudas, queda aberta a posibilidade da súa concesión segundo a valoración das profesionais do Departamento municipal de Servizos Sociais para aqueles casos que por razón de necesidade, precariedade ou urxencia se atopen nunha situación de risco e/ou desprotección, sendo necesario nestes casos un informe da traballadora social ou educadora familiar do concello, co visto e praxe da concelleira de Educación, e o compromiso de cumprimento por parte dos/as usuarios/as dos obxectivos fixados na intervención socio-familiar realizada pola profesional correspondente (traballadora social ou educadora familiar).

Tendo en conta os máximos subvencionables arriba expostos, a contía da subvención nunca será superior ao gasto xustificable.

No caso de que, a vista do número de solicitantes beneficiarios e unha vez concedidas ás axudas polos importes establecidos no parágrafo anterior, se supera a contía total fixada na Disposición Final; as citadas contías reduciranse nun 10% do seu importe, sucesivamente e ata que se de cobertura á totalidade das solicitudes presentadas.

#### 3.- BENEFICIARIOS E BENEFICIARIAS

Terán a condición de beneficiarias as familias que cumpran os seguintes requisitos:

1. Estar o/a estudante empadroad no Concello de Sada.
2. Cursar algúns dos estudos subvencionables segundo o apartado dous das presentes bases en calquera centro docente público.

3. Pertencer a unha unidade familiar que non supere os ingresos anuais segundo o seguinte baremo:

Nº de membros da unidade familiar	Ingresos
Familias de 2 membros	19.656,00 €
Id. de 3 membros	23.256,00 €
Id. de 4 membros	26.856,00 €
Id. de 5 membros	30.456,00 €
Id. de 6 membros	33.513,00 €
Id. de 7 membros	36.422,00 €
Id. de 8 membros	39.317,00 €

Consideraranse a estes efectos unidade familiar: aos pais/nais ou titores/as e aos fillos e fillas menores de 18 anos ou fillos maiores de dezaioito anos cunha minusvalía superior ao 33%. No caso de familias monoparentais, e para cálculo da renda anual, incrementarase en 1 o número real de membros que compoñen a unidade familiar.

No caso de divorcio, separación legal ou de feito dos proxenitores, non se considerará membro computable aquel deles que non conviva co solicitante de axudas, sen prexuízo de que na renda familiar se inclúa a súa contribución económica.

4. En función da natureza da subvención aplícase a excepción prevista no artigo 10.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en relación cos requisitos para obter a condición de beneficiario.

5. A efectos de dar traslado á axencia tributaria das axudas concedidas tomarase como beneficiario/a o/a representante legal do/da menor co seu correspondente número de identificación.

#### 4.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES. DOCUMENTACIÓN

As solicitudes, dirixidas á alcaldía e asinadas polo solicitante, formularanse no modelo que figura como anexo desta convocatoria e presentaranse no Rexistro electrónico do Concello ou por calquera dos medios sinalados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Achegarase á solicitude a seguinte documentación:

- 1.- Fotocopia do DNI do alumno/s e do cabeza de familia ou titor, cando aquel/es sexa/n menor/es de idade.
- 2.- Fotocopia do Libro de Familia. No caso de non ter, fotocopia de calquera outro documento que o substitúa.
- 3.- Certificado de Conta Bancaria.
- 4.- Xustificación de matriculación para o curso escolar correspondente. Este requisito comprobarase de oficio cos centros de ensino. No caso de non ser posible, as familias deberán aportar fotocopia ou resgardo.
- 5.- Certificado oficial que xustifique todos os ingresos da unidade familiar de convivencia (Fotocopia da declaración da renda, certificado de imputación de rendas, certificado expedido por Facenda de non ter que presentar a declaración da renda ou de non percibir ingresos, etc.)

No caso que da unidade familiar forme parte algún pensionista, achegarase o certificado da seguridade social dos ingresos percibidos por este concepto.

6.- Factura/s, orixinais ou fotocopias compulsadas debidamente especificadas conforme ao gasto realizado susceptible de ser subvencionado, do exercicio con todos os requisitos regulamentarios, xustificativas de ter adquirido libros, material didáctico complementario ou gastos directamente relacionados co inicio do curso escolar (roupa deportiva, calzado deportivo e uniformes), tamén para a compra de material informático (tablets, ordenadores...) necesarios para o desenvolvemento do curso.

7.- No caso de percibir algunha axuda doutro organismo e que esta fora descontada directamente no momento da adquisición dos libros ou material didáctico, na factura deberá de constar o importe que se descontou.

Admitirase xustificantes de pagos aos Centros educativos/Anpas pola subministración de material ou uniformes.

8.- Declaración xurada de que non foron percibidas outras axudas polo mesmo concepto doutros Organismos e/ou Administracións Públicas e, no caso de percibilas, contía das mesmas (ANEXO II).

9.- Certificado ou documentación que xustifique ter outorgado RISGA ou PNC, nos casos que corresponda.

10.- No caso de separación ou divorcio, copia da sentenza e do convenio regulador, en caso de incumprimento copia da denuncia por incumprimento de Sentencia.

Se a solicitude non reunira toda a documentación necesaria será solicitada no listado provisional que sairá publicado nas datas fixadas no procedemento que regulará estas axudas. De non achegar a documentación requirida terase por desistida a solicitude.

#### 5.- CRITERIOS DE OUTORGAMENTO

Para proceder á adxudicación das axudas aplicarase o seguinte baremo:

A) Situacións de exclusión social: Previa valoración favorable dos Servizos Sociais Municipais. Os solicitantes que se atopen nesta situación terán prioridade para a concesión da axuda.

B) Resto de solicitantes: Os ingresos da unidade familiar determinarán a orde de prioridade para o outorgamento das axudas, situándose en primeiro lugar as solicitudes que indiquen unha menor capacidade económica.

A efectos da determinación de ingresos e capacidade económica da unidade familiar, teranse en conta os seguintes criterios:

1. Terán a consideración de ingresos, a suma da base impositiva xeral máis a base impositiva do aforro, do Imposto da Renda da Persoas Físicas referidas ao ano 2022, ou a equivalente no caso de non presentala.

#### 6.- PROCEDIMIENTO.

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes elaborárase o informe-proposta en función do cumprimento dos requisitos esixidos pola Concellería de Educación. O estado poderá ser:

- Completa: en caso de que a solicitude conte con toda a documentación necesaria para a súa valoración.
- Incompleta: en caso de que a solicitude non reúna toda a documentación necesaria para a súa valoración. Neste suposto, no listado provisional, requiriranse os documentos necesarios para completala.

- Fora de prazo: cando a solicitude presentada non respecte as datas establecidas na convocatoria.

- Outros: calquera situación que non cumpran cos requisitos establecidos na convocatoria.

Este listado publicarase no taboleiro de edictos do Concello de Sada, nos centros educativos e a través da páxina web municipal.

Unha vez publicado o listado provisional abrírase un prazo de 10 días hábiles, a contar a partir do día seguinte da súa publicación, para que as persoas interesadas presenten a documentación requirida, advertindo que, en caso de non subsanar en prazo, propoñerase a súa denegación.

A) Situacións de exclusión social: As solicitudes completas dos solicitantes valoradas favorablemente polos servizos sociais municipais serán incluídas en proposta de resolución debidamente motivada que se trasladará á concelleira de Educación e Deportes, que a elevará á Alcaldía para resolución. Unha vez fiscalizada pola Intervención municipal, a Alcaldía concederá as subvencións mediante acordo no que se especifique a relación de solicitantes aos que se conceden as subvencións e a desestimación das restantes solicitudes e os motivos da súa denegación.

Aos beneficiarios das axudas incursos en situación de exclusión social seralles de aplicación o pago delegado, polo que percibirán un vale para a adquisición do material escolar obxecto da convocatoria nos establecementos concertados, facturándolles estas ao Concello.

B) Resto de solicitantes: Finalizado o prazo de subsanación revisarase a documentación aportada, e previa baremación, elaborárase o listado definitivo segundo o número de identificación persoal, indicando cales se propoñen conceder e cales denegar e por que motivo.

A avaliación das solicitudes efectuarase de conformidade ós criterios, formas e prioridades de valoración establecidas nesta convocatoria.

A vista do expediente e do informe correspondente formularase a proposta de resolución debidamente motivada que se trasladará á concelleira de Educación e Deportes, que a elevará á Alcaldía para resolución.

Unha vez fiscalizada pola Intervención municipal, a Alcaldía concederá as subvencións mediante acordo no que se especifique a relación de solicitantes aos que se conceden as subvencións e a desestimación das restantes solicitudes e os motivos da súa denegación.

A resolución definitiva que se adopte será publicada do mesmo modo sinalado con anterioridade. Estas publicacións substituirán á notificación nos termos que se establecen no artigo 45 da Lei 39/2015, de de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Ambas listas publicaranse unicamente co número do documento de identidade que as persoas solicitantes puxesen na súa solicitude.

**7.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO.**

A) Situación de exclusión social: a xustificación e pagamento tramitarase segundo o previsto no apartado A do punto anterior

B) Resto de solicitantes: A subvención entenderase xustificada coa presentación, no momento da solicitude da axuda, da documentación requirida no apartado 9 do punto 4 das presentes bases.

O pagamento das axudas efectuarase aos beneficiarios ou aos seus representantes legais cando sexan menores de idade, mediante transferencia bancaria ao número de conta especificado no expediente, unha vez resolta a concesión das mesmas.

**8.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.**

As solicitudes deberán presentarse no prazo máximo de 15 días hábiles a partir da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. Tamén se publicará na páxina web do Concello podendo presentarse as instancias a partir dese momento.

**9.- DISPOSICIÓN FINAL**

Para o non regulado nestas bases estarase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, de xeral de subvencións e resto de normativa de aplicación.

DILIXENCIA.- Para facer constar que a presente convocatoria foi aprobada mediante XGL de data 11/10/2023

A secretaria.- María del Carmen Seoane Bouzas

Sada, 16 de outubro de 2023

A alcaldesa acctal,

Rebeca Mouriño Neira

**ANEXO I**

Modelo de solicitude de axudas

AXUDAS DE ESCOLARIZACIÓN CURSO 2023/2024

REPRESENTANTE LEGAL (PAI / NAI / TITOR)
D/D <sup>a</sup> :
DNI:
ENDEREZO:
TLF:
Nº PERSOAS DA UNIDADE FAMILIAR:
ALUMNO/A:
CURSO:
DOCUMENTACIÓN QUE SE ACOMPAÑA: (A que corresponda no seu caso segundo o recollido no punto 4 da convocatoria)
(SUPOSTOS DE MINORÍA DE IDADE)
FOTOCOPIA DO DNI DO ALUMNO/S E DO CABEZA DE FAMILIA OU TITOR
FOTOCOPIA DO LIBRO DE FAMILIA OU DOCUMENTO QUE O SUBSTITÚA
FOTOCOPIA DO RESGARDO DA MATRÍCULA DO CURSO ESCOLAR CORRESPONDENTE
FACTURA/S ORIXINAIS OU FOTOCOPIAS COTEXADAS XUSTIFICATIVAS DO GASTO
FOTOCOPIA DA DECLARACIÓN DO I.R.PF COMPLETA DE TODOS OS MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR DO ANO 2022
COPIA DA SENTENCIA DE DIVORCIO E DO CONVENIO REGULADOR
INFORME SE SERVIZO SOCIAIS
CERTIFICADO DE NON TER QUE FACER DECLARACIÓN DO I.R.PF, CORRESPONDENTE A TODOS OS MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR
CERTIFICADO OU DOCUMENTACIÓN QUE XUSTIFIQUE TER OUTORGADO RISGA OU PNC
CERTIFICADO DA SEGURIDADE SOCIAL INGRESOS PENSIONISTA
NO CASO DE FAMILIA MONOPARENTAL ENTREGAR A DECLARACIÓN DO PROXENITOR/A NON CONVIVINTE OU NA CONTRA O DOCUMENTO QUE ACREDITE A PENSIÓN DE ALIMENTOS
DECLARACIÓN XURADA DE PERCEPCIÓN DE AXUDAS POLO MESMO CONCEPTO DOUTROS ORGANISMOS/ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
CERTIFICADO DE CONTA BANCARIA
POR TODO ISTO SOLICITO:
QUE SE TEÑA POR PRESENTADA ESTA INSTANCIA E OS DOCUMENTOS QUE SE ACOMPAÑAN PARA A CONVOCATORIA DE AXUDAS Á QUE SE REFIRE ESTA PETICIÓN.
Sada, Asdo.-

SR ALCALDE-PRESIDENTE DO ILMO. CONCELLO DE SADA (A CORUÑA)

AVDA. DA MARIÑA 25, 15160 SADA

**ANEXO II****DECLARACIÓN DE AXUDAS**

D/D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_, titular do D.N.I. núm \_\_\_\_\_,  
(como representante legal do menor/estudante D. \_\_\_\_\_)

Que en relación coa convocatoria de axudas ás familias para a escolarización de menores do Concello de Sada para o curso 2023/2024 para a que solicita axuda económica,

**DECLARA**

Que non solicitou nin obtivo subvención algunha de Organismo Público ou privado

Que solicitou e obtivo subvención das seguintes entidades polas contías que se indican

ORGANISMO/ENTIDADE	CONTÍA SOLICITADA	AXUDA CONCEDIDA

(márquese o que proceda)

Sada, de \_\_\_\_\_ de 2023

Asdo.-

2023/8194